

## AER NON ACEPTA CHANTAXES DO PP DE REDONDELA



A política espectáculo implantada polo PP de Redondela lévanos, unha e outra vez, a ver declaracións da súa voceira, Mari Carme Amoedo, nas que a base das súas afirmacións veñen sempre mesturadas con descualificacións dos grupos que non apoian as súas decisións.

O caso máis recente vén como consecuencia dunha negativa dos grupos da oposición a aceptar unha incorporación de remanente de crédito por valor de máis de un millón de euros. Certo que o PSOE de Redondela acabou cedendo á súa chantaxe, mentres os demais mantivemos o criterio.

### ANTECEDENTES

Como primeira observación debemos salienta que os orzamentos de 2017 non estarán aprobados (se a oposición o permite) antes de outubro. Polo que xa deberiamos aprobar xuntos os de 2017 e 2018.

En segundo lugar, indicar que no pleno de maio o PP fixo unha incorporación de remanente de crédito (o que non se executou ou sobrou de anos anteriores) por valor de 759.009,17€. Do cal simplemente se deu conta sen precisar da aprobación do pleno. Parte deste remanente procede dos famosos créditos do anterior goberno bipartito (192.174,58 €).

Dous meses despois, **por urxencia e sen consenso de ningún tipo**, o PP trae outra incorporación de crédito de remanentes (o que non se executou ou sobrou de anos anteriores) por valor de 1.102.987,95€. **Co cal xa levamos case 1.800.000€ incorporados de remanente para un orzamento sen aprobar nin presentar.**

### OS FEITOS

Acúsanos a Sra. Amoedo de *“desprezar e ignorar as necesidades dos redondeláns”* e de *“responder a intereses partidistas”* fronte a unhas *“obras esenciais e urxentes”*. Está claro que a Sra. Amoedo e o PP redondelán xa levan tempo **confundindo os intereses e necesidades dos redondeláns co que eles deciden e pensan**. Tampouco parece ter comprendido que unha Agrupación de Electores pouco interese “partidista” pode ter, segundo o seu entender, ou sexa, mercadear con votos para acadar ou manterse no poder. Non cabe tal cuestión nunha agrupación de electores coma AER.

Debemos salienta que **se lle propuxo deixar sobre a mesa a proposta para chegar a un acordo consensuado**. Propondo AER que se establecese un acordo sobre o uso (no caso de non terse executado as obras propostas) dos cartos que quedarían a libre disposición do goberno local. E un consenso respecto do modelo de contratacións, dada a **discrepancia que mantemos pola súa maneira de adxudicar contratos**. A Sra. Amoedo negouse en redondo a pesares de ofrecerlle a posibilidade dun pleno extraordinario na maior brevidade para aprobalo.

Ou sexa, **fronte ao imperativo de aprobar si ou si e XA a súa proposta, propuxemos estudalo e facelo na seguinte semana por consenso.** A Sra. Amoedo, respaldada polo alcalde, co estraño sentido da responsabilidade do PSdeG PSOE, tiraron para adiante.

**Non é certo que as obras se teñan que adxudicar nin facer este ano.** Só teñen que estar aprobadas e na fase de adxudicación (informes técnicos, informes de intervención, resolución de alcaldía, etc.) ¿Cantas están dispostas?

#### ANÁLISE DA PROPOSTA

**Sorprende que das 12 propostas (incluída a famosa urbanización da Xinaria) ningunha está nesa situación.** Seis dos proxectos están realizados pola empresa OFITEC pero, curiosamente, presentados pola empresa INGATEC, coa que comparte sede. Dunha obra non existe proxecto algún e doutras faltan informes sectoriais ou dos servizos técnicos.

Para ser breves, centrándonos no proxecto da Xinaria (futuro CEIP substituto do de Igrexa), debemos dicir que dito proxecto vai ter dificultades para levarse adiante no 2017, na medida en que aínda faltan informes sectoriais que permitan aprobar o proxecto. Non podería ser o caso de urbanizar unha zona para a que non existen os permisos de urbanización correspondentes. Polo cal, **a 31 de decembro estarán os cartos a libre disposición de quen governe. Descoñecemos como establecer sumidoiros, paseos de peóns, xardíns, ou farois, “antes de que se inicie o proxecto do centro educativo” e se poña en marcha, cando menos, as cimentacións e replanteos varios.**

**En AER xa estamos fartos destes procedementos de chantaxe de última hora, destes “órdagos” ou farois propios de “tahures” do solitario.** Queren aprobar proxectos con competencia do pleno? Estamos dispostos a negociar. Queren barra libre para facer o que queiran? Pola nosa parte vai ser que non. **Non imos colaborar para que unha competencia do pleno pase a ser competencia do alcalde sen ningún tipo de control.**

Como última curiosidade, só contando a parte dos proxectos que se poden coñecer, **o montante das obras propostas ascende (con IVE) a 1.208.544,51€. Mentres que o remanente de crédito que se vai incorporar vai ser de 1.102.987,95€.**

**Estaba AER disposta a incorporar este remanente de crédito? Si, pero fixando claramente as condicións de adxudicación que se ían desenvolver e os mecanismos de contratación que se establecerían. Esas foron as condicións que o PP non estaba disposto a aceptar. Por que? Para nós, o PP só tiña o obxectivo de incorporar o remanente. As obras son a desculpa.**

Axuntamos informe sobre as obras e a situación de cada procedemento de cada unha, segundo puidemos saber.

Redondela, a 7 de agosto de 2017.